

en relación coa contratación laboral temporal de un docente para impartir un curso de Secretariado de Dirección dentro do “IV PLAN MUNICIPAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO”


Visto o establecido nos artigos 21.1s) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, 24.d) do Texto refundido de réxime local, e 41 do Regulamento de organización e funcionamento do réxime xurídico das entidades locais.

En uso das atribucións que me foron conferidas por señor Alcalde segundo Resolución de data 26 de xuño de 2003, propoño a seguinte resolución:

Primeiro: Realizar unha nova contratación en réxime laboral temporal, na modalidade de por obra ou servizo a tempo parcial, ó docente contratado mediante Resolución desta Concellería de data 24.07.2003 a Don Francisco Javier Rodríguez Martínez, para impartir un novo curso de “Secretariado de Dirección”, con un total de 200 hora lectivas contemplado no IV PLAN MUNICIPAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO deste Concello de Cambre.

Segundo: Os efectos da contratación serán desde a sinatura do contrato.

E non sendo outro o obxecto desta acta expídese, de que eu, Secretaria, certifico.



RESOLUCIONS DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE

URBANISMO, FACENDA E RÉXIME INTERIOR DO DIA 11 DE NOVEMBRO

DE 2003

Na casa do Concello de Cambre, o día once de novembro de dous mil tres, don Andrés Rafael López Arcay, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior, asistido da secretaria dona Maria Luisa de la Red Ampudia, e en uso das atribucións que lle confire o señor Alcalde segundo Resolución de data 26 de xuño de 2003, dictou as seguintes resolucións:

1º.-Expedientes de patrimonio.

A) Adxudicación da compravenda de terreos para execución do proxecto de “Ampliación e mellora dos bombeos e impulsións do Temple e Ponte Cela (Concello de Cambre)”. Expediente número 03/62-1 PATRIM.

Visto o convenio subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, os Concellos

Sexto: Inscribi-la superficie adquirida a nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade, así como no Inventario dos bens municipais, coa cualificación de bens de servizo público, destinados a bombeos .

Sétimo: Pór a dispor da empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia os devanditos terreos, libres de cargas e gravames, para a execución da antedita obra.

2º.- Convenios urbanísticos.-

- Convenio urbanístico suscrito coa Promotora de Viviendas Lodeiro, S.L.-En relación co devandito convenio e co procedemento administrativo incoado para a súa resolución por decreto da Alcaldía de data 15 de xullo de 2002.

Visto o informe do xefe da área de urbanismo e réxime interior.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo Resolución de data 26 de xuño de 2003, resolvo:

Resolve-lo convenio urbanístico suscrito o 26 de agosto de 1996 con don José Manuel Rodríguez Lodeiro, en representación de "Promotora de Viviendas Lodeiro, S.L." polo incumprimento reiterado por esta entidade mercantil dos prazos establecidos no parágrafo terceiro da Estipulación terceira de dito convenio para a rehabilitación das edificacións modernistas para usos culturais na unidade de execución nº 19, todo isto sen prexuízo da formalización dun novo convenio a incluír no Plan xeral de ordenación municipal, actualmente en tramitación, tal e como a propia entidade mercantil "Promotora de Viviendas Lodeiro, S.L." solicitou no escrito de data 01 de agosto de 2002 e de conformidade cos artigos 233 e seguintes da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3º.- Expedientes de disciplina urbanística e sancionadores.

- Expediente de disciplina urbanística número 07/20/95.- En relación co escrito presentado por don Albino Lage Insua de data 4 de novembro de 2003 e rexistro de entrada 7394 no que solicita a declaración de caducidade do expediente 07/20/95.

Visto o informe do técnico da administración xeral.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo Resolución de data 26 de xuño de 2003, resolvo:

Declara-la caducidade do expediente 07/20/95, incoado con data 25 de maio de 1995 a don Albino Lage Insua por construír un chabolo e un cerramento sen licenza en Lendoiro, Cecebre, ordenando o arquivo das actuacións, ó ter transcorrido o prazo máximo para resolver sen terse dictado resolución expresa, de acordo co artigo 43.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; declarando asemade a prescrición da infracción cometida, e sen que sexa posible a incoación dun novo expediente como consecuencia dos mesmos feitos ó ter transcorrido o prazo máximo para o exercicio da acción para a reposición da legalidade urbanística.